

Resolución pola que se fai pública a relación das Unidades que integran a Rede Galega de Acompañamento e Orientación persoal e familiar e a relación de responsables para cada zona, conforme o disposto no apartado oitavo da Resolución de 14 de xuño de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se crea, con carácter experimental, a Rede de Acompañamento e Orientación persoal e familiar de Galicia no marco do Plan Recupera, se seleccionan os centros educativos que a conformarán e se ditan instrucións para nomear as persoas responsables destas unidades.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas afectadas poderán interpor recurso de alzada perante o Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación na web desta consellería, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente un recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativo.

Santiago de Compostela,

José Luís Mira Lema
Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional

